



MISA CON NENOS

13 de outubro de 2024

Ordinario 28º-B

Evanxeo de Marcos 10, 17-30:

“Vende o que tes e sígueme”

Mensaxe: **Perdelo todo por ter de todo**



1. MONICIÓN DE ENTRADA

Amigos e amigas:

Benvidos á celebración da Eucaristía no día do Señor, domingo 28 do tempo ordinario. Xesús chámanos a seguilo, aínda que resulte custoso levar adiante a invitación que nos fai. Como facelo? Non obsesionándonos polo diñeiro e os bens materiais senón poñendo a Xesús no centro, sentíndonos orgullosos de que El sexa a nosa riqueza, o noso maior tesouro. Porque podemos **“perdelo todo por ter de todo”**. SAÚDO: No nome... *O Señor Xesús, que nos mira con agarimo e nos convida a seguilo, sexa con todos vós.*

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Pedimos perdón polos pecados persoais e familiares:

- Ti, Señor, que nos convidas a seguirte. *Señor, ten piedade de nós.*
- Ti, Señor, que nos prometes un tesouro no ceo se non nos agarramos aos tesouros da terra. *Cristo, ten piedade de nós.*
- Ti, Señor, que queres traernos a salvación, a felicidade, un tesouro no ceo. *Señor, ten piedade de nós.*

Deus todopoderoso teña misericordia de nós...

MONICIÓN ÁS LECTURAS

O libro da Sabedoría dinos que é mellor ser sabio que ter moitas riquezas. Deste xeito prepáranos para o relato do novo rico do evanxeo que preferiu quedar coas riquezas e perdeu o tesouro que é Deus, o único que nos dá a felicidade. A carta aos Hebreos axúdanos a valorar a Palabra de Deus porque nos ensina a elixir ben e vulgar as intencións do corazón.



4. ORACIÓN DOS FIEIS

Presentemos ao Señor as nosas súplicas con toda a fe e confianza dicindo:

-Ti, Señor, es a nosa riqueza.

1. Pola Igrexa que nos faga presente a Cristo resucitado e nos ensine a coñecelo e querelo. **Oremos.**
- 2.- Polos enfermos e os que sofren para que o Señor os encha da súa graza nas dificultades. **Oremos.**
- 3.- Polos que nos dicimos cristiáns para que acollamos a invitación de Xesús a seguilo sabendo que el é o verdadeiro tesouro. **Oremos.**

4.- Por nós para que nos desprendamos de todo aquilo que nos impida seguilo.

Oremos.

5.- Polos que acaparamos posesións, para que descubramos que a verdadeira riqueza está en compartir e ter a Deus no corazón. **Oremos.**

6.- Por nós para que aprendamos a ir deixando cousas, amar máis, vivir para Deus. **Oremos.**

7.- Polos que nos reunimos cada domingo, polos anciáns, polas familias con problemas, polos falecidos. **Oremos.**

Pai, escoita as pregarías que che presentamos e derrama sobre nós o Espírito que nos encha de sabedoría. Por XCNS.



5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

-UN CARTEL DO SÍNODO DA IGREXA UNIVERSAL: Señor, queremos unirnos ao sínodo universal aberto a pasada semana en Roma. Queremos construír xuntos unha igrexa sinodal, que soñemos xuntos a igrexa de Xesús que os tempos actuais necesitan.

-UN COFRE CON MOEDAS Ou BILLETES: Con este cofre cheo de moedas (ou billetes) queremos representar un dos grandes males do mundo, o egoísmo. Que sempre sexamos conscientes de que a riqueza é mala compañía para entrar no ceo, pois ás veces escravízanos e pensamos que tendo diñeiro non necesitamos nada máis.

-O CARTEL DE FANO DESTA DOMINGO: Xesús, podemos “perdelo todo, por ter de todo”. A auténtica riqueza, a verdadeira felicidade, é terte no corazón, e de aí nace todo o demais. Sen ti viviremos infelices como o mozo do evanxeo.

-PAN E VIÑO: Co pan e o viño traemos ata o altar a xenerosidade de tantos homes e mulleres no mundo que nos van dando o que teñen. E que nunca nos falte Deus no altar e menos nos nosos corazóns.

6. ACCIÓN DE GRAZAS

- Grazas, Xesús, porque nos miras con agarimo e enches a nosa vida de ledicia e confianza.

-Grazas, Xesús, porque nos ensinas que é máis importante ser boas persoas que ter moitas cousas.

-Grazas, Xesús, porque aínda que deixemos cousas, ti es o noso tesouro, o máis importante.

-Grazas, Xesús, porque quixeches que a túa nai, María, fose tamén a nosa.

-Grazas, Xesús polo agasallo da túa amizade incondicional.

-Grazas, Xesús, polos misioneiros aos que en outubro sempre lembramos.

-Xesús, quero seguirte sempre, que ti guíes o meu proxecto de vida, que relativice todos os meus centros de interese, que aprenda a compartir e a buscar un tesouro no ceo.

